

PREGUNTAS FRECUENTES RELATIVAS AO TFG GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA

(Aprobado pola Comisión de Traballos de Fin de Grao)
[30/09/13, 28/01/14, 02/05/14, 19/06/14, 10/03/15 e 18/06/18]

Limiar

O Traballo Fin de Grao (TFG) ten unhas competencias específicas a desenvolver que fai moi importante definir o procedemento de ensino para que se atinxan as mesmas nos créditos programados. A tal efecto detállanse a continuación as recomendacións e as dúbidas máis frecuentes relativas ao TFG que os alumnos e titores poidan ter.

Os regulamentos de aplicación ao TFG en Enxeñaría Química son:

- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na USC aprobado polo Consello de Goberno do 10/03/2016.
- Regulamento do TFG da ETSE aprobado polo Consello de Goberno o 05/04/2017.
- Acreditación ANECA e IChemE.

1. Matrícula do TFG

Todos os aspectos relativos á matrícula no TFG (número mínimo de créditos aprobados, requisitos do tipo de materias e curso das mesmas, etc.) son competencia da Unidade de Xestión Académica, polo tanto, compre dirixirse ao devandito servizo para clarexar aquelas dúbidas que se teñan neste eido.

2. Asignación do TFG

A Comisión de TFG-GrEQ asignará alomenos un/unha Titor/a do TFG a cada un dos/as alumnos/as matriculados antes do comezo do segundo semestre. A tal efecto se definen dous mecanismos para a solicitude de aprobación de propostas:

- I. Proposta de TFG presentada polos propios alumnos/as. Esta proposta deberá entregarse na Secretaría Administrativa da ETSE (terceiro andar) ao longo do curso académico segundo formulario F02_TFG_EQ (<http://www.usc.es/etse/taxonomy/term/10545>).

Poderá entregarse calquera día da semana no horario de atención ao público da secretaría da ETSE. A Comisión de TFG-GrEQ resolverá as asignacións nun prazo máximo de 30 días naturais.

- II. Selección polos/as alumnos das propostas de TFG que se publicará (web e taboleiros) nos meses de decembro e marzo de cada curso académico segundo os formularios F01_TFG_EQ e F03_TFG_EQ (<http://www.usc.es/etse/taxonomy/term/10545>). No caso de que dous ou máis alumnos seleccionen a mesma proposta, a Comisión de TFG-GrEQ asignará os TFG en función do expediente académico acadado nos tres primeiros cursos da titulación. No caso da modalidade en traballo en grupo, considerarase a media dos expedientes.



3. Contido xeral do TFG

O TFG consistirá nun proxecto de “deseño”, xa que tanto a acreditación pola ANECA como por IChemE especifican claramente que o contido ten que estar directamente relacionado co desenvolvemento das competencias de “deseño”.

4. Contido en seguridade nos TFG

Pode verse no documento da rúbrica dispoñible na páxina web da ETSE (documentos P05-TFG-GrEQ e P05bis-TFG-GrEQ, <http://www.usc.es/etse/taxonomy/term/10545>).


5. Contido do estudo ambiental nos TFG

Pode verse no documento da rúbrica dispoñible na páxina web da ETSE (documentos P05-TFG-GrEQ e P05bis-TFG-GrEQ, <http://www.usc.es/etse/taxonomy/term/10545>).

No repositorio da Materia de TFG pódese acceder a documentos “modelo” para este apartado.

6. Modalidade do TFG: traballo individual ou en grupo?

- TFG poderá facerse de forma individual ou en grupo (máximo 3 alumnos).
- Para poder realizar o TFG en grupo cada un dos seus compoñentes poderá ter como máximo 2 materias pendentes dos tres primeiros curso da titulación.
- Para o TFG realizado en grupo a distribución das tarefas será a indicada no gráfico anexo. En todo caso, na memoria e na presentación deberase indicar que unidades son as deseñadas por cada compoñente do equipo.



- En todo caso, todos os compoñentes do Grupo deberán acreditar coñecemento global do TFG.

7. Papel do/a Titor/a

O papel do/a titor/a defínese no procedemento P02_TFG_GrEQ_Titorización. Os/as alumnos/as son os responsables últimos do TFG, nos que recae a propiedade intelectual do mesmo. O/A titor/a ten como misión principal resolver as dúbidas que poidan xurdir ao longo da súa realización. A tal efecto programará cos alumnos un calendario de titorías acorde cos créditos do TFG.

8. Autorización da defensa do TFG

A presentación para a defensa do TFG, que se fará a través da Secretaría Virtual do alumno, non necesita da autorización previa do/a Titor/a, aínda que este debe emitir un informe confidencial de valoración sobre as competencias que atinxiron na realización do TFG e previo a súa defensa.

9. Solicitud de defensa e documentación

As datas de convocatoria publícanse no taboleiro e web da ETSE. Os períodos previstos son febreiro, xuño e setembro. Entre as tres oportunidades do mesmo curso académico soamente poderán presentarse a dúas. A solicitude de defensa deberá entregarse na Secretaría Administrativa da ETSE (terceiro andar), xunto con unha copia en papel e unha copia en formato electrónico (CD ou USB), que incluírá un único ficheiro indexado en formato PDF co proxecto completo xunto con todos os seus documentos. O exemplar en papel poderase recoller á finalización do curso académico seguinte.

10. Unha vez presentado o TFG para a súa defensa, ata cando pode retiralo?

Como no Regulamento non se establece un dobre prazo de entrega (provisional e definitivo) do TFG, unha vez entregado non pode ser alterado. Non se trata dunha "solicitud" senón dun traballo académico, entregado para ser avaliado.

11. Defensa do TFG

A avaliación do TFG farase mediante unha exposición pública perante o tribunal xulgador. Esta exposición constará de dúas partes: presentación e discusión. Os tempos serán como máximo:

Modalidade	Presentación	Discusión
Individual	15 minutos	15 minutos
Grupo		
2 alumnos/as	20 minutos	20 minutos
3 alumnos/as	25 minutos	25 minutos

Nos casos dos TFG en Grupo, a defensa, de forma ordinaria, deberá ser realizada na mesma oportunidade por todos os compoñentes do mesmo. Se non fose posible, os alumnos/as restantes presentarán de novo a parte común e a súa parte individual. Tentarase que sexa o mesmo Tribunal o que avalíe o TFG para manter a cualificación da parte común.



12. Avaliación do TFG

Para a avaliación do TFG empregaranse os procedementos de Cualificación e Rúbrica para os apartados A e C (P05-TFG-GrEQ) e para o apartado B (P05bis-TFG-GrEQ) e o Informe de avaliación P03-TFG-GrEQ. Todos estes documentos están dispoñibles na web da ETSE. A cualificación individualizada dos alumnos/as lle corresponde ao Tribunal nomeado a tal efecto, que terá en conta os seguintes ítems e contribucións:

- Valoración da Memoria
- Defensa pública
- Informe razoado do/s Titor/es

13. O prego de condicións no proceso de avaliación do TFG

O prego de condicións poderá ser avaliado mediante a plataforma “Turnitin”, pero o seu contido non se considerará na avaliación de posible plaxio no documento do TFG. Non obstante dito prego deberá axustarse ao contido do TFG.

14. Revisións da cualificacións

Defíníuse un procedemento de revisión de cualificacións (P04-TFG-GrEQ) no que está definido o mecanismo consonte os diferentes regulamentos da USC.

15. No caso de non presentarse á defensa, a cualificación da/o alumna/o será considerada como suspenso ou non presentado?

No caso de que exista un escrito de desestimento formal con antelación á data de defensa, a cualificación debería ser de Non presentado, pero se se constitúe o Tribunal e non se presenta debe ser Suspenso. A posibilidade de “non presentado” figura nos Regulamentos de aplicación:

- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na USC aprobado polo Consello de Goberno do 10/03/2016.

16. Sobre o documento .pdf de TFG grupais xa avaliados nunha convocatoria anterior

No caso de TFG grupais nos que algún dos seus membros xa defendeu nunha convocatoria anterior, o/os alumno/os que o vaian defender na convocatoria actual deberán subir á plataforma o mesmo documento que xa foi avaliado, e que en copia en papel e soporte dixital está gardado na secretaría da ETSE, e o cal será revisado pola Comisión TFG-GrEQ para comprobar a ausencia de modificacións no mesmo.